

BECAS NEAE

Curso 2024-25

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca anualmente axudas destinadas a colaborar nos gastos que a educación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo xera para as súas familias. Para o curso académico 2024-2025 ditou a Resolución de 12 do abril de 2024, pola que se convocan axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

Debe cumprimentarse o formulario polos interesados, tal como indica a convocatoria, exclusivamente vía web a través da sede electrónica do Ministerio de Educación (www.educacionyfp.gob.es) ou a través da sede electrónica do MEFPD na dirección <https://sede.educación.gob.es>. Dese xeito xérase unha solicitude en PDF que os familiares e/ou interesados deben imprimir e presentar no Centro Educativo (obrigatoriamente) a fin de que sexa recibida (rexistrada dentro de prazo establecido).

A data límite é ata o 13 de setembro inclusive.

As axudas ao estudo individualizadas son as seguintes:

- Alumnado con discapacidades: acreditada cun certificado igual ou superior ao 25%.
- TDAH ten que estar asociado a DISCAPACIDADE OU TRASTORNO GRAVE DE CONDUCTA.
- Alumnado con trastorno grave da conducta.
- TEA que requira apoios ou atencións educativas específicas :é necesario aportar certificado médico expedido polos servizos de saúde sostidos con fondos públicos.
- **ALTAS CAPACIDADES para PROGRAMAS ESPECÍFICOS** complementarios á educación regrada que será comprobado pola inspección Educativa. Non inclúe gastos para por ex. matriculación na EOI, curso de mergullo ou similares, matrícula en centros de ensinanza artística, actividades extraescolares, clase de reforzo.
- Alumnado con **TRASTORNO GRAVE DA COMUNICACIÓN E DA LINGUAXE**: con dificultades para comprender e expresarse que limitan significativamente a aprendizaxe, a participación e a interacción social e que requiren apoios específicos e focalizados.

Non teñen dereito a bolsa : dislexia, discalculia ou dificultades na expresión escrita.

- Tamén inclúe nesta convocatoria **un subsidio de contía fixa para gastos adicionais de carácter xeral** derivados da escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo descritos anteriormente.

As SOLICITUDES que remitan para a súa tramitación deben anexar a seguinte documentación:

- Alumnado con **discapacidade recoñecida**: copia da tarxeta de discapacidade en vigor.

- Alumnos/as **sen discapacidade recoñecida**: diagnóstico médico.
- **Familia numerosa**: copia do título de familia numerosa en vigor.
- Todas as bolsas teñen que vir acompañadas de **certificado da conta bancaria** na que o alumno/a sexa titular ou cotitular.

OS DATOS QUE SE INDIQUEN NA SOLICITUDE E NOS CERTIFICADOS DE MATRICULACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO DEBEN CORRESPONDER AO CURSO ACADÉMICO 2024/25.

Mais información:

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/que-necesitas.html#edad-tipo-centro>